

UN ANO DE RECITAIS DE POESÍA

A celebración de actividades cunha frecuencia establecida créanos unha necesaria rutina de encontro coas letras e ofrece certa sensación de normalidade cultural ó noso país. Tales actos acostuman ter a súa orixe no esforzo solidario, e por veces escuro, de persoas que se involucran nunha dura tarefa non sempre apreciada na súa xusta medida. Conscientes da pouca atención que, agás en casos excepcionais, se concede a estas actividades daremos hoxe conta de dúas delas que comparten o seu carácter de ser citas puntuais no tempo. Desde perspectivas diferentes, os recitais poéticos celebrados na Facultade de Filoloxía da Coruña e os Encontros de Escritores/as da Costa da Morte permiten atender ó fenómeno literario na voz dos seus autores. Se ben, no primeiro caso, centrándose no recitado dos textos e, no segundo, atendendo á reflexión metaliteraria.

O día 26 de maio finalizaba brillantemente o ciclo de recitais poéticos que, na Facultade de Filoloxía da Coruña, viñeron organizando, desde decembro do pasado ano, Yolanda Castaño e Emma Couceiro. A chegar ó colectivo universitario a obra dos nosos poetas contemporáneos na voz dos propios creadores e permitir un diálogo directo con estes foron os obxectivos dos que se nutriu o ciclo nas súas orixes e que remataron por converterse nos seus logros. O 16 de decembro celebrouse o encontro de "Tres poetas da xeración dos 80" -Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xulio L. Valcárcel- presentados por quen isto escribe. Alumnos, profesores e público en xeral participaron masivamente no acto dando paso a lectura dos poemas a unha conversa fluída cos autores onde se plantexaron cuestións como a función da poesía, o seu poder didáctico sobre os oíntes, o futuro da escrita...

Xaneiro foi o mes escollido para convocar a "Cinco poetas novos" que quedarían, finalmente, nunha tetraloxía -Marta Dacosta, Eduardo Estévez, Paco Souto e Rafa Villar-, plantel abondo diverso para deseñar un bo panorama da literatura que desenvolven os poetas máis xoves. A Aula Magna da Facultade vestíuse de gala para recibir, o 26 de febreiro, a "Tres poetas da Xeración das «Festas Minervais»": Bernardino Graña, Manuel María e X.L. Méndez Ferrín. Introducidos por Luciano Rodríguez, os autores conseguiron entusiasmar a un público que non só disfrutou dos seus versos senón que entablou con eles un proveitoso e longo diálogo. Certos motivos extrapoéticos contribuíron a facer deste recital unha ocasión única: os moitos anos que levaba Méndez Ferrín sen recitar en público; a declaración posterior de Manuel María da súa intención de abandonar a escrita poética e a aposta decidida polo futuro que fixo un Bernardino Graña coa morte da súa nai aínda moi recente.

Marzo chegaba cun sol inesperado e enchía a Facultade cos versos de "Tres mulleres poetas", con presentación de Xosé María Dobarro. As voces de Chus Pato, M^a Xosé Queizán e Ana Romaní amosaron ben ás claras, na súa diversidade formal e

temática, que a escrita carece de xénero, tema que se tratou tamén no diálogo posterior. O 17 de abril aflorou a parte máis lúdica da poesía no encontro de "Cinco poetas «diferentes»": Estevo Creus, Celso Fernández Sanmartín, Lupe Gómez, Olga Novo e Rafa Xaneiro. Desta volta a diversidade dos convidados quedou clara na mestura de aires naïf, no enfrontamento da expresión máis crúa coa palabra traballada a xeito de ourives e na unión, por veces discordante, de verso e música.

Maio representa, para alén do final do ciclo, a homenaxe agradecida das organizadoras á cidade que o acolleu. "Tres poetas vinculados á Coruña": Luz Pozo, Manuel Rivas (con música de César Moram) e Cesáreo Sánchez Iglesias, presentados por Francisco Salinas, foron os últimos convidados do curso. Despois deles o silencio vacacional invadiu lentamente as aulas da Facultade que se nos antolla agora un pouco menos humana.

Tamén cíclica, neste caso cunha periodicidade anual, é a celebración dos Encontros de Escritores e Escritoras, organizados polo Batallón Literario da Costa da Morte. A segunda convocatoria deste evento celebrouse o pasado 28 de xuño en Corcubión baixo o lema "Escrita en plural". Na sesión de apertura o alcalde da vila, Rafael Mouzo, deu a benvinda ós participantes e tivo agarimosas palabras para ese esforzo colectivo de achegar a escrita a todos os ámbitos da vida cotiá que vén desenvolvendo, desde a súa xénese, o Batallón.

O Encontro desenvolveuse entre as ponencias de Marilar Aleixandre, Estevo Creus, Modesto Fraga, María Lado, Xavier Rodrigues Fidalgo, Paco Souto, Xosé Manuel Varela e Rafa Villar (por parte do Batallón), Domingo Tabuyo (en representación da A.C. "Santa Compañía" de Cambados), Alfredo Ferreiro e Tati Mancebo (do extinto colectivo "Hedral" da Coruña e en nome dos "Cadernos de Azertyuiop") e Xosé Leira. Os relatorios, para alén da súa alta calidade e orixinal deseño, nalgúns casos, foron o necesario punto de partida para o debate sobre temas diversos: os motivos íntimos que levan a un autor á escrita poética, a conveniencia de modificar a praxe nos recitais para chegar mellor ó público, a necesidade de explorar novas vías expresivas, a palabra canto transmisora de sensacións, o lector e a súa importancia no texto ou a definición de escrita en plural.

Tras as intensas xornadas de mañá e tarde, co lapso da comida de confraternidade, o Encontro volveu ó lugar da súa inauguración, o Auditorio do Pilar, para celebrar o acto de peche: un recital poético dos membros do Batallón. Nel deuse a coñecer publicamente o volume colectivo *Nós* que recolle, en fermoso formato promovido e subvencionado polo Concello de Corcubión, textos e poemas de 34 membros dun colectivo que medra de día en día, tanto en persoas como en actos a prol da nosa literatura. Con este fermoso colofón despedímonos da Costa da Morte e dos seus activos "batalloneiros" agradecéndolles o honor de nos ter convidado e permitido coincidir con todos os que alí estiveron.

Se cíclica foi a celebración destes actos tamén o é o noso reencontro coa palabra poética se ben, mentres non se recuperen os recitais de poesía na Facultade e non se volva celebrar un terceiro Encontro de Escritores/as da Costa da Morte, deberemos contentarnos coa lectura interior dos bos momentos disfrutados. Desde o corazón só nos queda dicir "gracias".

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 789, 31-7-1997, pp. 24-25.